



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia	2025/2026	0	266	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ LUIS SUÁREZ IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os signos de compromiso vital en relación co estado do paciente.
RA2 - Aplica técnicas de soporte vital básico segundo a idade do paciente, e descríbeseas en relación co obxectivo procurado.
RA3 - Aplica criterios de clasificación de vítimas, e relaciona os recursos existentes coa gravidade e a coa probabilidade de supervivencia.
RA4 - Clasifica as accións terapéuticas na atención a múltiples vítimas en relación coas principais lesións, segundo o tipo de suceso.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbóñse os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
CA1.2 Identifícanse as condicións de funcionamento axeitadas da ventilación e da oxixenación.
CA1.3 Descríbiuse a fisioloxía do sangue e a coagulación.
CA1.4 Descríbóñse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxias.
CA1.5 Descríbóñse procedementos para avaliar o estado neurolóxico do paciente.
CA1.7 Identifícase a secuencia de actuación segundo o protocolo establecido polo Comité Internacional de Coordinación sobre Reanimación (ILCOR).
CA2.1 Defíníronse os elos da cadea de supervivencia.
CA2.2 Descríbóñse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar (RCP) básica e instrumental.



Criterios de avaliación do currículo
CA2.9 Valoráronse con rigor as circunstancias de cesamento da RCP.
CA3.1 Definiuse o concepto de triaxe.
CA3.2 Explicáronse os obxectivos da primeira e segunda triaxe.
CA3.3 Explicáronse os métodos de triaxe inicial clasificados segundo o seu fundamento operativo.
CA3.5 Describiuse a codificación e a estrutura das tarxetas de triaxe.
CA3.6 Descríronse os métodos de identificación das vítimas.
CA4.1 Identificouse o ámbito de intervención.
CA4.2 Valorouse a información para iniciar o proceso asistencial.
CA4.3 Descríronse os obxectivos terapéuticos xerais na medicina de catástrofe.
CA4.4 Explicáronse as accións terapéuticas que se executan en cada sector asistencial.
CA4.5 Relacionouse a natureza da catástrofe cos mecanismos lesionais.
CA4.6 Descríronse as principais lesións segundo o tipo de catástrofe.
CA4.7 Definiuse a cadea de supervivencia e precisouse a utilidade de cada un dos seus elos.
CA4.8 Descríronse os procedementos para a montaxe dun hospital de campaña.
CA4.9 Relacionouse a información recibida co procedemento de intervención.



2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os signos de compromiso vital en relación co estado do paciente.
RA2 - Aplica técnicas de soporte vital básico segundo a idade do paciente, e descríbeseas en relación co obxectivo procurado.
RA3 - Aplica criterios de clasificación de vítimas, e relaciona os recursos existentes coa gravidade e a coa probabilidade de supervivencia.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.6 Tomáronse as constantes vitais e rexistráronse.
CA1.8 Actuouse con eficiencia e firmeza, e amosouse seguridade no control da situación.
CA2.3 Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.
CA2.4 Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio.
CA2.5 Aplicáronse técnicas de soporte circulatorio.
CA2.6 Realizouse desfibrilación externa semiautomática.
CA2.7 Aplicáronse medidas posteriores á reanimación.
CA2.8 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.
CA3.4 Aplicouse un método de triaxe simple para facer a primeira clasificación das vítimas.
CA3.7 Déuselle prioridade á evacuación das vítimas e seleccionouse o medio de transporte axeitado.



Criterios de avaliación do currículo

CA3.8 Tomáronse decisións eficientes con rapidez.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

1.-Recoñece os signos de compromiso vital en relación co estado do paciente.

- a. Fisiopatoloxía neurolóxica: alteracións do nivel de consciencia.
- b. Signos de compromiso vital en persoas adultas, de idade infantil e lactantes.
- c. Proceso de valoración ABC (Airway Breathing Circulation).
- d. Toma de constantes vitais. Valoración do estado neurolóxico: escala AVDN e escala de Glasgow.
- e. Protocolos de exploración. Actuación con seguridade e demostración de autoconfianza.

2.- Aplicación de técnicas de soporte vital básico:

- a. Parada cardiorrespiratoria.
- b. Control da permeabilidade das vías aéreas.
- c. Técnicas de apertura da vía aérea.
- d. Técnicas de limpeza e desobstrución da vía aérea.
- e. Electrofisioloxía cardíaca básica.
- f. Trastornos do ritmo.
- g. RCP pediátrica e en persoas adultas, básica e instrumental. Indicacións do soporte ventilatorio. Permeabilización da vía aérea con dispositivos orofarínxeos.
- h. Desfibrilación externa semiautomática (DESA) en adultos e pediátrico. RCP en casos especiais.
- i. Medidas posteriores á reanimación.
- j. Aplicación de normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.

3.- Clasificación das vítimas.



- a. Triaxe.
- b. Obxectivos e principios sanitarios da triaxe
- c. Primeira e segunda triaxe.
- d. Valoración por criterios de gravidade.
- e. Clasificación de métodos de triaxe inicial segundo o seu fundamento operativo.
- f. Categorización das vítimas e procedemento de etiquetaxe.
- g. Toma de decisións con rapidez.

4.- Clasificación das accións terapéuticas na atención a múltiples vítimas:

- a. Urgencia e emerxencia.
- b. Cadea de supervivencia.
- c. Mecanismos lesionais segundo a natureza da catástrofe.
- d. Obxectivos terapéuticos xerais na medicina de catástrofe.
- e. Obxectivos terapéuticos nas áreas de rescate, socorro e base. Decálogo prehospitalario e fases.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Respecto dos criterios de cualificación seguiranse os seguintes, tendo en conta o artigo 14, sobre avaliación e cualificación final das probas libres da ORDE do 5 de abril de 2013.

A proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o



resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final: A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. Obterase mediante da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas -tipo test e/ou resposta curta-, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos no apartado 2.b.-

Cada pregunta test mal contestada restará 0,33 puntos. As preguntas non contestadas non puntuarán negativamente. A pregunta ben contestada suma 1 punto. De haber preguntas cortas, estas sumarán 1 punto as correctas e non descontan negativamente as non contestadas ou as incorrectas.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 puntos para superala.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

-Bolígrafo azul ou negro (non se permitirá o uso de correctores como goma de borrar, tippex)

Duración da proba:

-A duración da proba teórica será máximo de 2h.

Normas:

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.
- A ubicación durante a proba a determinará o examinador/a á chegada dos aspirantes.



- Non se permitirán acceso con bolsos, roupa e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.
- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.
- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.

4.b) Segunda parte da proba

MATERIAL PARA PROBA:

- Bolígrafo azul ou negro.
- Non está permitido o uso do lapis para marcar as respostas. Tampouco se permitirá o uso de correctores (goma de borrar, tip-pex)
- Roupa cómoda

CARACTERÍSTICAS DA PROBA:

Consistirá en:

Varios casos prácticos nos que se valorará a elección correcta dos protocolos de actuación e a destreza na súa realización. Cada caso integrará varios criterios de avaliación establecidos no apartado 2.b.

- A duración da proba práctica será dun máximo de 2 horas.

Normas:

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá esta dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.
- A ubicación durante a proba a determinará o examinador/a á chegada dos aspirantes.
- Non se permitirán acceso con bolsos, roupa e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.
- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.
- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.



--